



Moción que presentamos o grupo municipal de Terra Galega no Concello de Carballo para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

MOCIÓN PARA QUE SE ACOMETAN MELLORAS NA ESTRADA EXISTENTE CARBALLO - RAZO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:


Nos últimos anos, producíronse numerosos accidentes na estrada que une Carballo con Razo. En varios deles, incluso houbo que lamentar vítimas mortais.

No orzamento de 2018 está previsto levar a rede de abastecemento de auga ata Razo, o que supón, estender a rede de tubaxes pola vía existente. É dicir, dito vial vai estar en obras, e por esa razón, entendemos dende o grupo municipal de TeGa, que é o momento idóneo para acometer unha serie de melloras neste vial. Podemos aproveitar para, polo menos, ampliar os arcéns nas dúas marxes da vía. Dita obra é viable, e ademais acometeríase máis axiña que a consistente na execución dun novo vial.

Por todo o anteriormente exposto, e coa intención de mellorar a seguridade, e intentar na medida do posible reducir o número de accidentes de tráfico, o grupo municipal de TeGa solicitamos ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar á Deputación de A Coruña, titular da vía, a que acondicione a mesma debido á perigosidade existente.**
- 2.- En caso de que a Deputación de A Coruña non se comprometa a acometer melloras na vía existente, solicitamos ao goberno municipal que as acometa con fondos propios, e posteriormente, pasaría esa parte a ser titularidade do Concello de Carballo como xa se fixo noutros lugares (por exemplo: en Ardaña, coas beirarrúas)**

Carballo a 17 de xullo de 2018



Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira
Voceira do Grupo Municipal de Terra Galega

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO